

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA CATORCE DE AGOSTO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
Escusa asistencia D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE

Secretaria accidental D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día catorce de agosto de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día sete de agosto do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 490/07 de don Ramón Varela Barreiro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago, solicita licenza para a adaptación de local para oficina de farmacia, situada en Galegos-Santa Cruz de Ribadulla, en solo urbano residencial de media densidade en tipoloxía mixta (U2), segundo o proxecto técnico presentado redactado pola arquitecta dona Mercedes Rosón Varela cun orzamento de 35.890,40 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes

condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e así mesmo deberá colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setecentos dezasete euros con oitenta e un céntimos (#717,81#)

2.2.- Instancia num. 896/07 de don Francisco Iglesias Sandá

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación dun cerre existente, consistente na colocación de arame e pedra, de aproximadamente 60 mts de lonxitude, no lugar de Pousada de Abaixo-Vedra, en solo de núcleo rural (N1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, non debendo as obras modificar o volume actual da edificación nin afectar á estrutura da mesma.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e sete euros con trinta e tres céntimos (#37,33#)

2.3.- Instancia num. 1.470/07 de don Aurora Araujo Varela

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Illobre, 1-San Fins de Sales, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio substituíndo a cuberta existente por uralita e construción de solaina.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, cubrirase con tella cerámica.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitenta e oito euros con dezaseis céntimos (#88,16#)

2.4.- Instancia num. 1.462/07 de don Manuel Espiño Araujo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio, substituíndo a cuberta

existente por uralita, dunha superficie aproximada de 96 m², situado en Pousada de Arriba, en solo de expansión de núcleo rural (N2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa coma a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e tres euros con nove céntimos (#73,09#).

2.5.- Instancia num. 1.463/07 de dona Mónica Espiño Mosquera

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a construción dun cerre con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 30 mts de lonxitude, no lugar de Avenida, en solo urbano (U1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerre será de 8,00 mts de distancia dende o eixe do vial; garantirase o natural discorrer das augas ; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado e a altura máxima total do cerre será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts..

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezoito euros con sesenta e sete céntimos (#18,67#)

2.6.-Instancia num. 1.429/07 de don José Manuel Calviño Peña

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a colocación de tubos para acceso á finca situada en Buxeiros -San Pedro de Sarandón. .

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: levaranse a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas as augas; recoméndase a colocación dunha arqueta de rexistro cada 6 mts e non se danará

a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e a rampla quedará enrasada co vial de xeito que non sobresaia

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.7.- Instancia num. 611/07 de dona Angélica Carou Castro e dona M^a. José Carbia Silva

Dáse conta da citada instancia na que as interesadas, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicitan licenza para proceder á parcelación e agrupación das parcelas 216 e 217 do polígono 3 de concentración parcelaria de San Andrés de Trobe, situadas en Malfurado, en solo de núcleo rural (N1), en dúas parcelas resultantes, coa seguinte superficie: Parcela 216 (6.382 m²) e Parcela 217 (4.668 m²), segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Beillet García.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda concederlles a licenza para a parcelación das fincas descritas no proxecto mencionado, sitas no lugar de Malfurado, da parroquia de San Andrés de Trobe, nos termos do proxecto presentado, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas correspondentes que ascenden á cantidade de 120,00 euros.

3º.- Certificacións de obras

3.1.- Certificación num. 1 da obra *Afirmado y acondicionamiento de pistas en Gundián, Ramalleira, Pumariño*

Dáse conta da certificación num. 1 da obra *Afirmado y acondicionamiento de pistas en Gundián, Ramalleira, Pumariño (código 07.2100.0397-0)*, incluída no *Plan de Obras y Servicios 2007*, por importe de trinta e sete mil setecentos seis euros con sesenta e cinco céntimos (#37.706,65#), sendo o adxudicatario Obras y Viales de Galicia, S.L e o director da mesma o enxeñeiro don Gilberto Rodríguez Rodríguez.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

3.2.- Certificación num. 2 da obra *Campo de fútbol de la Escuela Deportiva Ribadulla en Tomonde-Vedra*

Dáse conta da certificación num. 2 da obra *Campo de Fútbol de la escuela deportiva Ribadulla en Tomonde Vedra (07.3240.0041.0)* incluída no *Plan Especial de Herba Artificial dos campos de fútbol municipais 2007*, adxudicada á

empresa Calfensa Proyectos, S.L polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26/03/2007, por importe de cento setenta mil setecentos cincuenta e dous euros con trinta e seis céntimos (#170.752,36#), sendo o director da mesma a arquitecta dona Mercedes Rosón Varela

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

4º.- Comunicaci3ns e escritos varios

4.1.- Comunicaci3n da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

D3ase conta da citada comunicaci3n da Secretar3a Xeral do Benestar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar relativa 3 concesi3n dunha axuda, 3 abeiro a Orde do 5 de marzo de 2007, pola que se regulan as bases que rexer3n as subvenci3ns dirixidas a entidades de acci3n voluntaria para o fomento da realizaci3n de actividades de voluntariado, por importe de sete mil trinta e oito euros con vinte e dous céntimos (#7.038,22#).

A Xunta de Goberno acorda aceptar a citada axuda e demais requisitos establecidos na citada orde.

4.2.- Comunicaci3n num. 1.473/07 da Conseller3a de Innovaci3n e Industria

D3ase conta da citada comunicaci3n do Instituto Galego de Consumo, relativa 3 concesi3n dunha axuda por importe de catro mil trescentos oitenta e sete euros (#4.387,00#) para o funcionamento e mantemento da Oficina Municipal de Informaci3n 3 Consumidor.

A Xunta de Goberno acorda aceptar a citada axuda.

4.3.- Comunicaci3n num. 1.487/07 de da Conseller3a de Innovaci3n e Industria


D3ase conta da citada comunicaci3n da Direcci3n Xeral de Turismo relativa 3 concesi3n de subvenci3n con destino 3 apoio 3s festas populares e outros eventos do contido tur3stico no ano 2007, por importe de mil cincocentos setenta e sete euros con oitenta céntimos (#1.577,80#), 3 abeiro da orde da Orde da Conseller3a do 2 de marzo de 2007

A Xunta de Goberno acorda aceptar a citada axuda e demais requisitos establecidos na citada orde.

4.4.- Comunicaci3n num. 1.496/07 da Excma. Deputaci3n Provincial

D3ase conta da citada comunicaci3n da Deputaci3n Provincial pola que se concede unha axuda por importe de dous mil cincocentos (#2.500,00#) euros para a campaa de contrataci3n dun socorrista nos meses de ver3n

A Xunta de Goberno acorda acpetar a citada axuda.



5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data sete de agosto do ano que andamos, pola que se lle concede a baixa da praza solicitada para a gardería municipal da menor Irene Camino López

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.2.- Dáse conta das Resolucións da Alcaldía de data oito de agosto do ano que andamos, pola que se autoriza o disparo de fogos de artificio os días 16, 24 e 25 de agosto en San Pedro de Vilanova con motivo das festas do Santiaguño

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dez de agosto do ano que andamos, pola que se autoriza o corte de tráfico na rúa de Ponte Ulla o día 7 de setembro , entre as 19 e 23 horas con motivo da celebración da procesión do Gundián.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6º.- Outros Asuntos

Non se presentaron

